

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE : 22286-332
SOLICITANTE: Educación
TIPO EXPTE: RECLAMACIÓN

DECRETO

En base á cláusula Terceira C) das “Normas de adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2018-2019 (expte.: 21809-332), aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 22 de febreiro de 2018 e de acordo coa Resolución desta concelleira de data 6/09/18 sobre adxudicación de prazas durante o mes de setembro e posteriores, na que se indica:

- 1) As solicitudes presentadas fóra de prazo a partir do 1 de setembro valoraranse co mesmo baremo e procedemento que as do período ordinario de solicitude.
- 2) Resolverase sobre as presentadas nos 15 (quince) primeiros días do mes, co obxectivo de que os que resulten con praza adxudicada podan incorporarse no primeiro día do mes seguinte.
- 3) As solicitudes presentadas con posterioridade a esa data (15 de setembro), resolveranse na medida en que existan prazas dispoñibles na escola e quenda que se solicite.

RESOLVO:

Adxudicar as prazas nas escolas infantís municipais no período extraordinario de setembro, do xeito que a continuación se indica nos listados que acompañan esta Resolución.

En Vigo, na data da sinatura electrónica
A CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, Olga Alonso Suárez

